



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



OPEN AUTONÓMICO LIGA DE CLUBS AUGA DOCE

21- Outubro -2018

Este Open está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Ourense, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Competición rexerese polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cásting da FEPeC.

Esta competición terá lugar si se inscriben polo menos cinco equipos pertencentes a distintos Clubs.

Lugar e Data:

Desenvolverase no Encoro de San Martiño o 21-10-2018.

Lugar de concentración:

A concentración dos participantes terá lugar no propio escenario ás 7:30 horas.

BASES

Equipos: Estarán formados por cinco deportistas.

Segundo acordo assembleario, os Clubs poden presentar mais dun equipo, neste caso terán que inscribilos como equipo A, equipo B, etc... A inscrición, unha vez tódolos Clubs teñan un representante (equipo A), segundo a capacidade do escenario poderanse inscribir os equipos B en función do número de tarxetas federativas de cada Club e así sucesivamente se fose o caso. O día 17-10-2018 comunicarase aos interesados cantos equipos foron aceptados.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

Normativa particular.- O escenario estará dividido en sectores, os cales estarán constituídos por postos de 10 metros que serán adxudicados ós participantes mediante sorteio. A competición constará de 2 mangas e os deportistas trocarán posto en cada unha delas.

PROGRAMA

- 8,00 – 1º sinal.- Entrada ós postos, montaxe do material e probado de calados
- 9,50 – 2º “ Cebado intensivo.
- 10,00 – 3º “ Inicio da acción de pesca (1ª manga).
- 12,55 – 4º “ Sinal de faltan 5 minutos.
- 13,00 – 5º “ Final da manga.

Unha vez rematada a acción de pesca o deportista, fíxese ou non capturas, permanecerá no seu posto de pesca sen manipular as capturas agardando a que os membros da organización realicen a pesaxe. As capturas voltarán ó redello unha vez pesadas e este será introducido na auga. A continuación o deportista actuará como testigo na pesaxe do seguinte participante. Ó remate da pesaxe do sector, os membros da organización darán a orde de voltar os peixes do redello á auga

Para non ter que gardar e transportar o material, o xantar (picnic) terá lugar no escenario da competición.

- 14,00 -1ª sinal- Entrada ós postos, colocación do material e proba de calados
- 15,50 -2º “ Cebado intensivo.
- 16,00 -3º “ Inicio da acción de pesca (2ª manga).
- 18,55 -4º “ Sinal de faltan 5 minutos.
- 19,00 -5ª “ Final da proba.

Repetirase o sistema de pesaxe da 1ª manga

MATERIAL. –Unha cana en acción de pesca con ou sen carrete, podendo ter montadas ou non as que precise (en reserva). A lonxitude máxima da cana será de 13 metros.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



ENGODO. – Inspeccionarase o seu volumen. Permítese un máximo de 17 litros de engodo listo para empregarse (mollado e tamizado) sen compactar nin dar forma en bolas. Tamén se permiten 2 litros de asticot por manga, podendo empregarse este último para cebar as augas.

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquer tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

A inscrición farase en calquera das Delegacións Provinciais, antes do **martes 16 de Outubro de 2018**. O pagamento da cota de inscrición, **100 euros por equipo**, cómpre facelo na conta da F.G.P. **ES34 2080 0176 9630 4001 0672** antes da inscrición, na cal haberá que adxuntar o xustificante bancario do seu pagamento.

Asdo. José Manuel Fernández Rodríguez

Pte. Comité de Auga Doce